

ACTA

Mesa de coordinación externa do programa CAI

Mesa comunitaria de infancia

Día: martes 17 de xuño de 2025

Hora: 17,30h

Lugar: Salón de Plenos do concello de Teo

Orde do día:

1. Aprobación da acta da última xuntanza da Mesa de 30 de outubro de 2024
2. “Saúde mental e tecnoloxía: alternativas para un impacto positivo na infancia e adolescencia”. Interven as *Toupas de Teo*, grupo de participación infantil e adolescente de Teo.
 - Aurelio Candal Fernández e Eloy Candal Fernández: “O uso dos móbiles nos centros educativos”.
 - Irene Iglesias Valuja: “Recomendacións para un uso positivo da tecnoloxía na infancia e adolescencia”.
3. Breve posta en común de actuacións en materia de infancia e adolescencia por parte das entidades presentes.
4. Outros

Deliberacións:

1. Aprobación da acta da última xuntanza da Mesa de 30 de outubro de 2024. Abre a sesión o presidente da Mesa, o concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais, Juan Jesús Cerqueiro Pintos. Apróbase por unanimidade cos votos das persoas presentes na última sesión. O concelleiro da a benvida a representación adulta e infantil e presenta aos membros do FoPIA que van participar na mesa redonda sobre “Saúde mental e tecnoloxía”, dando a palabra a técnica do programa Ciudades Amigas da Infancia Eva López.

2. “Saúde mental e tecnoloxía: alternativas para un impacto positivo na infancia e adolescencia”. Eva López comenta que a organización desta mesa redonda supón cumprir os acordos da última sesión, por unha banda, organizar formación no ámbito do impacto da tecnoloxía na saúde mental e, por outra banda, a posibilidade de asistencia das Toupas do grupo de participación infantil e adolescente do concello de Teo a esta Mesa comunitaria. Neste sentido, pensouse en aproveitar os discursos dalgunhas delas con experiencia nestes temas e escoitar así a súa opinión. Neste senso

interveñen tres membros do FoPIA: **Aurelio e Eloy** no seu discurso poñen de manifesto que vivimos nunha sociedade dixital e que polo tanto a escola non pode eludir o mandato de preparar para ser competente neste tipo de sociedade, polo que ten unha función importante na aprendizaxe e uso en positivo das novas tecnoloxías. Aurelio comenta que o uso abusivo pode ocasionar problemas sociais e que se estaba utilizando en xeral para xogos e entretementos que eran inapropiados para uso escolar. Eloy engade que a normativa non foi tan efectiva porque a xente os leva igual e que en realidade antes da normativa xa tampouco se podía usar. En todo caso, indica que as familias deben involucrarse na limitación e uso positivo porque constitúen un exemplo fundamental e que non está sucedendo na actualidade, ben porque non se poñen os límites necesarios ou ben porque non se da un exemplo axeitado de uso aos fillos.

Irene, pola súa banda, fai fincapé nas consecuencias dun uso inadecuado das redes sociais e da tecnoloxía en xeral poñendo no foco que esta é responsable dunha parte importante dos problemas de saúde mental na infancia e adolescencia, cuestión sobre a que UNICEF está alertando xa que moitos destes problemas se corresponden con problemáticas novas que non existirían sen a tecnoloxía, como o ciberacoso, adicción, *grooming* ou *sexting*. Manifesta que falar de saúde mental sole ser a miúdo un acto de valentía, e que pode tocarnos a calquera de nós sen avisar. Irene explica que a LOPIVI e a normativa que a desenvolve teñen e van ter unha función importante na regulación e uso da tecnoloxía para a prevención da violencia dixital. Tras esta primeira parte na segunda parte do seu relatorio expón as recomendacións máis importantes para facer un bo uso da tecnoloxía falando da necesidade de tempos de desconexión, e poñendo o acento en ideas clave como que a saúde mental non é algo que se ten, senón que se entrena, a base de consistencia e de pequenos hábitos que podemos introducir na vida cotián, sobre todo, animando ao exercicio físico, base para a produción das hormonas da felicidade e para un hábito de soño efectivo.

A continuación ábrese un debate no grupo onde participan tanto a representación adulta como infantil asistente. Carlos, psicólogo do SAT da a noraboa ás Toupas e indica que é importante que elas mesmas se involucren de xeito proactivo visibilizando outro xeito de relacións presenciais, físicas que non sexan só a través da tecnoloxía. Insiste na idea da necesidade de educación familiar. Aurelio toma a palabra para comentar as ventaxas por unha banda da IA, e, por outra, as súas limitacións en canto a posibilidade de manipulación e a transmisión de valores contrarios á convivencia. Alberto, técnico das bibliotecas de Teo, propón que a formación a familias se poida facer na biblioteca e indica a oportunidade de tecnoloxías positivas como o novo móbil de Orange para aquelas situacións de control que argumentan algunhas familias que non poden estar acompañando por dificultades de conciliación. Neste senso, pregunta a que anos pensan as Toupas que se podería utilizar un móbil. Ariadne, indica que pensa que o móbil cre que se podería usar a partir dos 13 anos só para chamadas de quedadas con amigos. Pablo, da FSX comenta que non ter móbil tamén sole ser un factor de exclusión social e pensa que o problema non é o acceso ao móbil senón o acceso a internet xa que é a que está detrás de situacións violentas e abusivas na infancia. Aurelio retoma o tema de que as familias se involucren porque hai moitos

pais ausentes e Alex tamén comenta que se necesita un acompañamento por parte das familias no uso do móbil.

Por último, Eva fala da última campaña de UNICEF relacionada coa visibilización da saúde mental na infancia e adolescencia, trátase da alianza NTP: Coméntao, un movemento que busca transformar a realidade da saúde mental da infancia e adolescencia en todo o país e promover a implicación de toda a sociedade a nivel global. NTP significa “Non Te Preocupes”, unha expresión habitual entre a mocidade para transmitir apoio e tranquilidade. Entre os seus obxectivos principais están reducir nun 10% para o ano 2028 o número de menores en risco de sufrir problemas de saúde mental en España e atender a saúde mental infantil en situacións de crise humanitaria. Ao movemento xa se sumaron administracións públicas, empresas, profesionais da saúde, divulgadores, entidades sociais, medios de comunicación, figuras públicas e a propia mocidade. Agora, no marco deste proxecto, lanzase o reto “**A mensaxe que un día precisei**” para falar da saúde mental con realismo, sen filtros e con moita empatía. Pode facerse a traves de TikTok e Instagram. En TikTok, os rapaces poden participar usando un efecto especial para compartir esa frase que lles axudou nun momento difícil: <https://vm.tiktok.com/ZNdSkxrGg/> EnInstagram, máis de 300 persoas xa compartiron mensaxes que lles tería gustado escoitar cando non estaban ben. https://www.instagram.com/stories/unicef_es/3648266151842716812/ Eva queda en enviar estas ligazóns á páxina da Mesa Comunitaria.

3. Breve posta en común de actuacións en materia de infancia e adolescencia por parte das entidades presentes.

Comeza falando Pablo, técnico do programa PROMOCIONA, da Fundación Secretariado Xitano, que é a primeira vez que asiste a esta Mesa. Indica que se trata dun programa de apoio escolar dirixido a alumnado a partir de 4º de Educación Primaria e que teñen ademais de aula en Santiago, outra aula en Milladoiro. Comenta que a Fundación ten tamén outros programas de mediación laboral con empresas onde orientan ao alumnado que abandona o sistema educativo, que como saben é un índice moi alto aínda na poboación xitana. Comenta que con respecto ao tema de hoxe teñen unha educadora dixital e un campamento dixital para promover o bo uso da tecnoloxía.

Desde o SAT Carlos fai referencia a que están facendo no ámbito tamén da tecnoloxía un labor psicoeducativo importante coas familias, para que instauren pequenas rutinas xa desde a primeira infancia, evitando por exemplo o uso de tablets en espazos públicos e dando alternativas para estes momentos de ocio.

Ana, educadora social da Asociación Arcostilos fala dos campamentos de verán que organiza a Asociación para promover a conciliación familiar.

Alberto, técnico das Bibliotecas informa do obradoiro de cantareiras o día 24 de xuño a partir dos 9 anos.

Amaya, da Asociación de nais e pais do ceip a Ramallosa, pensa que son importantes as charlas e obradoiros en competencias dixitais e fala de que para o próximo curso pensan en poñer en marcha talleres a cargo da empresa “Coidadosamente”, un equipo dirixido pola psicóloga Belén Montesa.

Pola parte dos Servizos Sociais coméntanse os campamentos de verán infantil e xuvenís que están a punto de publicarse e no que desde o Departamento se bonifican

5 prazas en cada un deles, ademais doutras actividades de conciliación como o Diverteo. Eva tamén informa de que desde o *Servizo de Administración electrónica e apoio dixital* do concello vaise facer un Curso de Mecnografía dirixido á rapazada empadroada no Concello con idades entre os 9 e os 13 anos.

Para os que se animen o prazo de inscrición vai desde hoxe 17 de xuño ata o 27. Só hai que cubrir una ficha de inscrición, que se pode recoller no Rexistro Xeral do Concello ou na páxina web www.teo.gal e rexístrala polas canles habituais.

4. Outros. Homenaxe a Irene Iglesias

Toma a palabra o concelleiro Juan Jesús Cerqueiro. Informa de que para finalizar a sesión de hoxe queriamos renderlle unha pequena homenaxe a Irene, que se despide este ano do *Consello Local de Infancia e adolescencia de Teo (CLIA)*. O concelleiro excusa a presenza da Alcaldesa por motivos de enfermidade.

Irene comezou no FoPIA no curso 19-20 sendo alumna de 1º ESO no IES Cacheiras. A raíz do seu traballo activo no FoPIA comeza a tecer a súa relación con Unicef primeiro Comité Galicia acudindo sempre que a requerían a numerosas iniciativas e posteriormente con UNICEF Comité español, uníndose ao grupo asesor de infancia de UNICEF e dentro deste tamén ten participado en numerosas iniciativas como os comité organizadores dos Encontros de Consellos locais de participación.

Con UNICEF participa en moitísimas iniciativas, moitas no ámbito da saúde mental. No ano 2022 coa creación do *Consello estatal de participación infancia e adolescencia (CEPIA)* únese como representante do CLIA de Teo e máis adiante formará parte tamén do seu grupo motor. A través do CEPIA participa en numerosas iniciativas como as achegas e melloras ao borrador da Estratexia de dereitos da Infancia 2022-2030 na Asamblea extraordinaria del Consejo Estatal de participación de la Infancia y la adolescencia, ou a formación e posterior presentación do modelo Barnahus, un plan piloto para protexer e atender de xeito integral ás vítimas infantís de agresións sexuais.

Grazas, Irene por levar ao concello de Teo e á infancia e adolescencia de Teo polo mundo e esperamos no futuro poder seguir contando coa túa colaboración.

O concelleiro indica que se vai proxectar un vídeo onde se recollen algunhas destas iniciativas onde Irene participou ao longo dos últimos seis anos.

Trala proxección e un gran aplauso das persoas asistentes á xuntanza, o concelleiro entrega a Irene unha bolsa con recordatorios do concello.

Sen máis asuntos, péchase a sesión ás 19,00h.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 17 de xuño de 2025.